

LUGO

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

"TORNEIRO, S.A." solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a instalación de **almacén e venda polo xunto de material e equipos para a industria na rúa das Mercadorías, esquina rúa da Industria.**

Cumprindo o disposto no apartado 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días, a fin de que durante o mesmo -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente edicto-, poida examinarse o expediente no Servizo de Licenzas, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Lugo, 18 de maio de 2011.-A DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, María Novo Pena

R.2836

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en **sesión EXTRAORDINARIA** celebrada o día vinte e cinco de abril de dous mil once, adoptou entre outros, o acordo 4/44 relativo á **DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE DO CONCELLO DE LUGO** que a continuación se transcribe:

4/44 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE DO CONCELL DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa do servizo de servizos sociais, conformada pola Concelleira Delegada de Area, do 6 de abril de 2011, en cuxa parte expositiva sinala:

"Visto que:

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ORDINARIA, celebrada o día sete de febreiro de dous mil once, adoptou, entre outros o acordo seguinte: 5/5 ORDENANZA REGULADORA DO REXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE DO CONCELLO DE LUGO: APROBACIÓN INICIAL.

-Someter, de conformidade co establecido no art artigo 91 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, o expediente ó trámite de información pública e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días hábiles para a presentación de suxestións e reclamacións, mediante anuncio inserto no taboleiro de editos dende o día 25 de febreiro ata o día 2 de abril de 2011, e a través de publicación no BOP de Lugo nº 46 do venres 25 de febreiro de 2011.

-Unha vez cumprido o trámite de información pública e audiencia ós interesados e que durante o prazo establecido non se presentou reclamación nin suxestión algunha, segundo se desprende do informe emitido o día 4 de abril de 2011 polo Negociado de Rexistro que figura no expediente e que establece:

"INFORME DE REXISTRO

Consultados os datos do Rexistro Xeral de Entrada de documentos deste Concello, non constan rexistradas alegacións para o negociado de Servizos sociais. Lugo, 4 de abril de 2011. O XEFE DO NEGOCIADO DE REXISTRO. Angel Vidal Araujo."

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, de conformidade coa referida proposta, e por unanimidade dos vinte e catro membros presentes, **TOMA RAZÓN** da aprobación definitiva da "**ORDENANZA REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE DO CONCELLO DE LUGO**", toda vez que, segundo establece o artigo 92 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno, ó non presentarse reclamación nin suxestión algunha o acordo de aprobación da **ORDENANZA REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE, ata agora provisional, convértese en definitivo.**

O que se publica para xeral coñecemento facéndose constar que o texto íntegro desta **ORDENANZA REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE**, foi publicado no BOP de Lugo do 25 de febreiro de 2011 e que a continuación e literalmente se transcribe:

"CAPITULO I: IDENTIFICACIÓN E NATUREZA

Art 1.- Identificación

Art 2.- Localización

Art 3.- Capacidade

Art 4.- Natureza xurídica

CAPITULO II : PERSOAS QUE PODEN ACCEDER Ó FOGAR DO TRANSEUNTE

- Art 5.- Condición de persoa usuaria do fogar do transeúnte.
- Art 6.- Requisitos de acceso
- Art 7.- Dereitos das persoas usuarias
- Art 8.- Deberes das persoas usuarias

CAPITULO III :DOS SERVIZOS DO FOGAR DO TRANSEÚNTE.

- Art 9.- Servizos
- Art 10.- Servizo de aloxamento con manutención
- Art 11.- Servizo de manutención
- Art 12.- Servizo de hixiene
- Art 13.-Servizo de lavandería

CAPITULO IV: DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

- Art 14.- Duración da estadía
- Art 15.- Acceso
- Art 16.- Prórrogas de estadía
- Art 17.- Horarios
- Art 18.- Rexistro e control das persoas usuarias
- Art 19.- Normas de convivencia

CAPITULO V: INCUMPRIMENTOS Á PRESENTE ORDENANZA.

- Art 20.- Incumprimentos leves
- Art 21.- Incumprimentos graves
- Art 22.- Incumprimentos moi graves
- Art 23.- Consecuencias dos incumprimentos
- Art 24.- Graduación dos incumprimentos

ORDENANZA DE RÉXIME INTERIOR DO FOGAR DO TRANSEÚNTE DO CONCELLO DE LUGO

A necesidade de mellorar o funcionamento do Fogar do Transeúnte fai necesaria a elaboración e aprobación dunha normativa interna que reforce o seu papel como recurso temporal aberto a toda a poboación e que sirva de soporte ós procesos de integración social ou ben ás situacións de crise persoal ou socioeconómica das cidadás e dos cidadáns.

CAPITULO I: IDENTIFICACIÓN E NATUREZA**Artigo 1º. IDENTIFICACIÓN.**

O Fogar do Transeúnte é un equipamento propio dos servizos sociais do Concello de Lugo adscrito á Area de Benestar Social e Igualdade. Segundo a tipoloxía descrita na Orde do 25 de Xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, o Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo ten a consideración de albergue dado que o seu obxecto é procurar aloxamento temporal a persoas en situación de emerxencia social, persoas transeúntes e persoas que están sen fogar, proporcionándolles aloxamento e manutención por un periodo limitado de tempo.

Artigo 2º. LOCALIZACIÓN.

O Fogar do Transeúnte atópase na R/ Deputación, nº 12 de Lugo. O Concello de Lugo poderá por motivos de interese público cambiar a súa ubicación procurando sempre que o Fogar do Transeúnte esté nunha zona residencial ben comunicada.

Artigo 3º. CAPACIDADE.

O Fogar do Transeúnte contará coas prazas que autorice a Xunta de Galicia a través do seu organismo competente para cada momento. Na actualidade conta con 22 prazas de aloxamento, 17 para homes e 5 para mulleres distribuídas en dúas estancias independentes, e con 40 prazas de comedor. Ten dous baños completos adaptados á normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

O Concello de Lugo poderá aumentar ou suprimir o número de prazas por causas xustificadas segundo as necesidades sociais de cada momento.

Artigo 4º. NATUREZA XURÍDICA.

O Fogar do Transeúnte é de titularidade municipal e está integrado na rede pública de equipamentos dos servizos sociais en materia de acción social. Carece de personalidade xurídica propia e o seu réxime administrativo queda suxeito ás regras e prácticas xerais na ordenación e prestación de servizos do Concello de Lugo, correspondendo a súa dirección a Area de Benestar Social e Igualdade.

O Concello de Lugo ten potestade para acordar o seu modo de xestión (directa ou indirecta) así como a modificación ou extinción deste equipamento. De igual xeito pode ditar aquelas normas de réxime interior, que serán visadas polo departamento da Xunta de Galicia competente na materia, que para o mellor uso das instalacións estime oportuno.

CAPITULO II: PERSOAS QUE PODEN ACCEDER Ó FOGAR DO TRANSEÚNTE.

Artigo 5º. CONDICIÓ DE PERSOA USUARIA DO FOGAR DO TRANSEÚNTE.

Ós efectos da presente ordenanza poderán acceder ó Fogar do Transeúnte as persoas que se atopen nalgún destes supostos:

1. **Persoas transeúntes.** Ten a consideración de persoa transeúnte toda aquela persoa que sen estar empadroada nin ter establecida a súa residencia na cidade de Lugo, estea en situación de desarraigo e careza de recursos persoais e económicos para afrontar a súa situación, mantendo en todo caso o albergue o carácter de recurso temporal.
2. **As persoas sen fogar do Concello de Lugo.** Considérase persoa sen fogar aquela que, estando empadroada no Concello de Lugo, que por circunstancias coiunturales (económicas, xurídicas, laborais, enfermidade, de vivenda...) se atopan nun momento determinado sen un domicilio para vivir e sen recursos para afrontar a súa situación.
3. **Persoas en situación de exclusión ou emerxencia social que carezan de fogar ou núcleo substitutivo daquel.**
4. **Persoas que sufran catástrofe persoal ou civil.**
5. **Menores acompañados dun maior de idade que se atope en calquera das situacións referidas nos anteriores apartados.**
6. **Menores sen acompañar sempre que existan razóns de emerxencia que xustifiquen a súa acollida e sempre dun xeito excepcional. Será preceptivo comunicar esta circunstancia á unidade administrativa da Xunta de Galicia competente na área de menores.**

Artigo 6º. REQUISITOS DE ACCESO.

As persoas que accedan ó Fogar do Transeúnte deberán cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade agás nos supostos de admisión de menores recollidos no artigo anterior.
2. Valerse por si mesmo para a realización das actividades básicas da vida diaria e non padecer enfermidade psíquica que requira atención periódica de profesionais.
3. Non estar incurso en prohibición de acceso ós servizos do Fogar do Transeúnte segundo o disposto no presente regulamento.
4. Non dispor de medios económicos para financiar un aloxamento segundo valoración profesional do traballador ou traballadora social de referencia.
5. Non presentar signos externos de embriaguez ou estar baixo os efectos do consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

O cumprimento destes requisitos, agás os recollidos nos números 3 e 5, poderá exceptuarse en casos extraordinarios ou urxentes e sempre polo tempo mínimo imprescindible para a derivación ó recurso correspondente segundo as características e problemática que presente a persoa usuaria.

Artigo 7º. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS DO FOGAR DO TRANSEÚNTE.

As persoas usuarias terán os seguintes dereitos:

1. A recibir información sobre as normas de funcionamento do Fogar do Transeúnte.
2. A recibir información sobre recursos e prestacións existentes ás que poidan ter dereito.
3. A confidencialidade, sixilo e respecto en relación ós seus datos persoais así como á súa situación social.
4. A recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ó respecto dos dereitos e liberdades fundamentais por parte do persoal do Fogar, das persoas que presten os seus servizos no Fogar e do persoal municipal.
5. A que se respeten as súas conviccións cívicas, morais e relixiosas.

Artigo 8º. DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS DO FOGAR DO TRANSEÚNTE.

1. Respecto ó persoal do Concello de Lugo, ás persoas que presten o servizo de vixilancia no Fogar así como a calquera persoa que nun momento determinado se atope desempeñando os seu servizos profesionais ou laborais no Fogar.
2. Respecto a todas as demais persoas usuarias do Fogar.
3. Uso respetuoso e responsable das instalacións, mobiliario e enseres do Fogar do Transeúnte.
4. Cumprimento da presente ordenanza.
5. Cumprimento de todas as instrucións ditadas polos responsables do Fogar, polo persoal municipal e polos responsables da vixilancia do Fogar.
6. Cumprimento dos compromisos recollidos nos proxectos individualizados de inserción e das prescricións técnicas que ós efectos se establezan.
7. Cumprimento de todos os deberes recollidos para os usuarios e usuarias dos servizos sociais incluídos na Lei galega de servizos sociais vixente en cada momento.

CAPITULO III: DOS SERVIZOS DO FOGAR DO TRANSEÚNTE.

Artigo 9º. SERVIZOS.

A adquisición da condición de persoa usuaria e o cumprimento dos requisitos de acceso dará dereito ós seguintes servizos:

1. Servizo de aloxamento con manutención
2. Servizo de manutención
3. Servizo de hixiene
4. Servizo de lavandería

Artigo 10º. SERVIZO DE ALOXAMENTO CON MANUTENCIÓN.

1º O servizo de aloxamento con manutención ten como finalidade facilitar un lugar de pernocta e alimentación a toda persoa que teña a condición de persoa usuaria e cumpra as normas establecidas no presente regulamento. O servizo de aloxamento dará dereito a unha cama e a utilizar unha taquilla na que poderá depositar os seus enseres persoais. A persoa usuaria do servizo de aloxamento e manutención poderá prescindir do servizo de manutención comunicándolle esta decisión ó persoal do Fogar.

O Fogar do Transeúnte non se fará responsable das perdas ou sustraccións das pertenzas das persoas usuarias. 2º En caso de insuficiencia de prazas ou en situacións excepcionais xustificadas mediante informe social poderase habilitar outro tipo de aloxamentos mediante a posta a disposición de establecementos hosteleiros da cidade. Terán a consideración de situación excepcional os casos de familias con menores a cargo que estén en situación de emerxencia social e carezan de fogar ou lugar substitutivo ou cando existan motivos graves de saúde.

Artigo 11º.- SERVIZO DE MANUTENCIÓN.

Este servizo inclúe a obriga de atender as necesidades de alimentación entendendo por tales o almorzo, o xantar (menú) e a cea. Só terán dereito ó almorzo as persoas que conten co servizo de aloxamento. O menú será único e universal pero por motivos relixiosos ou outros motivos xustificados a persoa usuaria rexeite o devandito menú faráselle entrega dun bocadillo e unha peza de froita.

Non será preciso reunir a condición de usuario ou usuaria do Fogar do art 5 do presente regulamento para ter acceso a este servizo pero sí serán de obrigado cumprimento as normas do Fogar.

Poderán utilizar o servizo de comedor familias en situación de problemática conxuntural cando a/o correspondente profesional de referencia o considere como recurso complementario axeitado a súa situación. Cando teñan asignado este servizo familias con menores a cargo poderán optar por recoller a comida e levala para a casa.

Aquelas persoas que non teñan concedido o servizo de manutención pero demanden comida faráselles entrega dun bocadillo, unha peza de froita e un vaso de leite.

Artigo 12º.- SERVIZO DE HIXIENE.

Este servizo ten como función cubrir as condicións mínimas de hixiene persoal das persoas usuarias do Fogar do Transeúnte e será imprescindible a utilización das duchas para pernoctar.

Poderán facer uso deste servizo persoas que non teñan a condición de persoa usuaria do Fogar a xuízo do/a profesional de referencia.

Artigo 13.- SERVIZO DE LAVANDERÍA.

Este servizo inclúe o lavado e secado de roupa e poderán facer uso del as persoas que teñan a condición de persoas usuarias do Fogar do Transeúnte.

Poderán utilizar este servizo aquelas persoas que non tendo a devandita condición acrediten a necesidade do mesmo previo informe social.

A persoa usuaria deste servizo recollerá a súa roupa na lavandería non facéndose responsable o Concello de Lugo de calquera perda, extravío ou deterioro.

CAPITULO IV: DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

Artigo 14. DURACIÓN DA ESTADÍA.

Poderán ter praza no Fogar do Transeúnte as persoas que teñan a condición de persoa usuaria do art 5 e cumpran cos requisitos de acceso do art 6 agás naqueles supostos donde expresamente se exima dalgunha destas circunstancias.

A estadia será de **tres días ó mes** tanto para o servizo de aloxamento con manutención como para o servizo de manutención e poderán disfrutarse en días consecutivos ou alternos. Cando os días do servizo de aloxamento se disfruten de maneira consecutiva non se poderá facer en ningún caso reserva de cama. Se a estadia coincide cos derradeiros días do mes, ésta non se poderá prolongar cos tres días do mes seguinte, tendo que transcorrer un mínimo de catro días entre unha estadia e outra.

Artigo 15. ACCESO.

Para poder acceder ó servizo de aloxamento con manutención será necesario que as persoas usuarias acudan cada día que decidan pernoctar ó servizo de portas da Policía Local a partires das 17:00 para recoller o pase diario de pernocta. Os pases para pernocta levarán engadido o servizo de manutención pero será preciso que a persoa usuaria así o manifieste.

Para acceder unicamente ó servizo de manutención terán que dirixirse ás portas do Fogar do Transeúnte e daranlle alí o pase.

Será necesaria a identificación persoal da persoa usuaria que queira facer uso dos servizos do Fogar do Transeúnte. Serán válidos como documentos identificativos ós efectos de poder desfrutar da condición de persoa usuaria do fogar o DNI/NIE/pasaporte ou resgardo de solicitude dos anteriores documentos; carné de conducir, denuncia de extravío de calquera dos documentos anteriores ou calquera outro documento acreditativo da identificación persoal.

Unha vez esgotados os tres días mensuais, a estancia no Fogar pode ser prorrogada.

Artigo 16º. PRÓRROGAS

1. Prórrogas do servizo de aloxamento con manutención.

Unha vez esgotados os tres días a permanencia no fogar estará supeditada á existencia de prórroga que require a xustificación dun motivo dos recollidos expresamente no presente regulamento.

As prórrogas serán concedidas unicamente por unha traballadora ou traballador social que ben poderá ser o profesional responsable do Fogar ou ben o encargado do seguemento do caso da persoa usuaria, previa valoración da situación persoal e social da persoa usuaria.

Cando se conceda algunha prórroga, a persoa usuaria deberá levarlle á Policía Local o informe de prórroga entre as **16:30 e as 17:00 horas**, para que lle entreguen o pase diario de pernocta.

O traballador ou traballadora social establecerá na prórroga o periodo de duración da mesma pero nunca sen exceder dunha semana, todo isto coa finalidade de realizar o seguemento dos casos. O número de prórrogas non está limitado pero o tempo máximo de permanencia no Fogar **será de tres meses**.

Por causas excepcionais e/ou extraordinarias debidamente xustificadas rematado o prazo de tres meses poderanse realizar novas prórrogas ata un máximo doutros 3 meses máis.

As prórrogas poderán ser revogadas pola traballadora ou traballador social se non se cumpren as normas do Fogar do Transeúnte ou deixan de existir os motivos polos que foi concedida. Esta revogación será comunicada tanto á Policía Local como ó persoal do Fogar.

Os motivos de prórroga son tasados e son os seguintes:

- 1) Espera do primeiro soldo, esta circunstancia deberá estar acreditada mediante contrato de traballo.
- 2) Espera de prestación social, acreditada mediante achega da correspondente documentación oficial de solicitude, que será valorada pola/o profesional de referencia.
- 3) Participación en obradoiros ou proxectos de inserción social, previo informe da/o profesional de referencia.
- 4) Motivos médicos de urxencia acreditados que fagan necesario o uso do Fogar.
- 5) Outros motivos sociais apreciados polo/a traballador/a social de referencia.

2. Prórrogas do servizo de manutención.

Poderase desfrutar deste servizo tres veces ó mes que poden ser consecutivos ou alternos, para prorrogar este servizo será preciso informe social xustificando a necesidade do mesmo.

Artigo 17º HORARIOS.

O Fogar do Transeúnte prestará os seus servizos todos os días do ano.

As persoas usuarias do Fogar están obrigadas ó cumprimento dos horarios. Só se admitirá un retraso nos horarios de 10 minutos sempre que a persoa non sexa reincidente na tardanza, previa advertencia de que, por necesidade do servizo, non se permitirá reiterar o retraso. O non cumprimento dos horarios dará lugar á perda da comida, cea ou pernocta.

O horario de acollida para o servizo aloxamento é das **19:00 ás 22.00 horas** e requerirá obrigatoriamente a presentación do correspondente pase de pernocta.

Deberá admitirse a entrada por parte do vixiante de seguridade **fóra da marxe horaria indicada** cando a persoa usuaria se atope nalgunha das seguintes situacións:

-Conte con autorización por parte dunha traballadora ou traballador social.

-Conte con pase de pernocta da Policía Local que deberá ser emitido cando concurran causas xustificadas que fixeron imposible o cumprimento do horario de entrada. Neste suposto a Policía Local deberá

poñerse en contacto co persoal que se atope no Fogar para verificar a existencia de camas vacantes e comprobar que a persoa solicitante non está incurso en prohibición de entrada. Feitas estas comprobacións deberá expedir o pase de pernocta e comunicar os datos de identificación da persoa usuaria a cal deberá presentarse no Fogar inmediatamente para efectuar a entrada. A Policía Local deberá denegar o pase de pernocta a unha persoa que presente signos externos de embriaguez ou estar baixo os efectos de drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas ou estupefacientes.

O persoal de vixilancia do Fogar como responsables da seguridade no centro só poden denegar unha entrada autorizada fóra do horario cando a persoa usuaria presente signos externos de embriaguez ou esté baixo os efectos de consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas ou ben presente actitudes ou comportamentos que poñan en risco a seguridade do resto das persoas usuarias do Fogar.

O servizo de manutención terá os seguintes horarios para as distintas comidas:

Almorzo: 08:00-09:00 h. Ningunha persoa usuaria deberá permanecer no Fogar despois das 9.00 horas.

Xantar: A marxe horaria para establecer o xantar será de 12.30 a 14.30h establecendo como horas as seguintes:

- De luns a Venres: 13:30 hrs
- Fins de semana e festivos: 13:00 hrs

Cea: A franxa horaria de atención será de 20.00 a 21.30h. establecendo como hora as **19.30 h**

O horario do servizo de hixiene para aquelas persoas que non teñan concedido o uso do servizo de aloxamento con manutención é de **19.00 a 21.30 h.**

Artigo 18º. REXISTRO E CONTROL DAS PERSOAS USUARIAS.

O Fogar do Transeúnte contará con un Libro rexistro de persoas usuarias que se poderá substituír por un sistema de fichas e no cal se fará constar os datos persoais, DNI ou número de identificación, data de nacemento, data de ingreso, incidencias, data de baixa e o seu motivo. Ós efectos de controlar o nº de noites e/ou comidas desfrutadas por cada usuario/a, o personal do Fogar levará conta das mesmas, rexistrándoas diariamente en vales destinados a ese fin.

O Fogar do Transeúnte contará con un Libro de reclamacións debidamente dilixenciado a disposición das persoas usuarias do servizo.

Artigo 19º. NORMAS DE CONVIVENCIA

As persoas usuarias do Fogar do Transeúnte están obrigadas ó cumprimento das seguintes normas:

- a) cumprimento de todas as instrucións do persoal do Fogar, persoal dos servizos sociais encargados do seguemento do caso e do persoal de vixilancia do Fogar.
- b) asistir ás citas, entrevistas, cursos e obradoiros sinalados polo persoal dos servizos sociais para a mellora da súa integración social.
- c) preavisar a súa intención de non utilizar o servizo de comedor e/ou pernocta.
- d) está prohibido falsear os pases de pernocta ou as follas establecidas para a autorización das prórrogas así como aportar datos falsos ou a omisión de datos para obter a condición de persoa usuaria.
- e) está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas ou outras substancias psicoactivas no Fogar así como acceder ó mesmo baixo os seus efectos cando esta circunstancia influe negativamente na conducta do usuario ou usuaria e/ou repercute no benestar xeral dos demais usuarios e/ou persoal do centro.

CAPITULO V : INCUMPRIMENTOS Á PRESENTE ORDENANZA.

Artigo 20º. INCUMPRIMENTOS LEVES:

1. Será constitutivo de incumprimento leve o incumprimento da obriga recollida no apartado c) do art 19 da presente ordenanza.
2. Será constitutivo de incumprimento leve calquera incumprimento da presente ordenanza que pola súa natureza ou gravidade, non se tipifique como grave ou moi grave.

Artigo 21º INCUMPRIMENTOS GRAVES:

1. Constitúen incumprimentos graves as seguintes accións:
 - a) o incumprimento das obrigas sinaladas nos apartados a), b) d) e e) do art 19 da presente ordenanza.
 - b) non facilitar ó persoal municipal os datos requiridos para acceder ó Fogar ou para realizar algún tipo de intervención social.
 - c) non comunicar a alteración das circunstancias ou requisitos tidos en conta para ser usuario do fogar.
2. Constituirá incumprimento grave calquera incumprimento da presente ordenanza cando se ocasionen prexuízos notorios na prestación do servizo ou produzan danos ou prexuízos graves a outras persoas usuarias ou ó persoal que preste os seus servizos no Fogar.

Artigo 22º INCUMPRIMENTOS MOI GRAVES:

1. Constitúen incumprimentos moi graves as seguintes accións:

- a) Provocar desordes e alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade da prestación.
- b) A agresión física ou verbal, faltas de respecto graves, intimidación, acoso ou ameazas ó persoal do Fogar, persoal de vixiancia ou persoal dos servizos sociais, así como das persoas responsables dos programas que se leven a cabo no mesmo e do resto das persoas usuarias do Fogar.
- c) Facer danos ou sustraer bens do centro, doutras persoas usuarias ou do persoal traballador.

2. Aqueles comportamentos que estén tipificados penalmente serán obxecto de denuncia ante os órganos xudiciais competentes.

Artigo 23 : CONSECUCIAS DOS INCUMPRIMENTOS.

1. O incumprimento da presente ordenanza terá as seguintes consecuencias:

a) A comisión dun incumprimento leve terá como consecuencia o apercibimento público ou a prohibición de acceso ós servizos do fogar do transeúnte por un periodo dun mes. No caso de que no momento da comisión do incumprimento a persoa usuaria xa agotara o tempo de permanencia correspondente a ese mes, a prohibición de acceso trasladarase ó mes seguinte.

b) A comisión dun incumprimento grave terá como consecuencia a prohibición de acceso ós servizos do Fogar do Transeúnte por un periodo de 1 a 3 meses.

c) A comisión dun incumprimento moi grave terá como consecuencia a prohibición de acceso ós servizos do Fogar do Transeúnte por un periodo de entre 3 a 6 meses.

2. Cada incumprimento e a decisión que se adopte farase constar nun Libro de incidencias do Albergue Municipal e xuntarse á ficha de ingreso da persoa usuaria.. As incidencias serán comunicadas ós servizos sociais municipais e/ou profesionais de referencia do usuario, así como á Policía Local.

ARTIGO 24: GRADUACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS.

Na determinación das consecuencias apareladas ós incumprimentos ou para a elección da mesma atenderase primordialmente á gravidade dos feitos, ós danos causados nas persoas ou nos bens e á reiteración dos incumprimentos por parte da persoa usuaria

DISPOSICIÓN FINAL

A aprobación da presente ordenanza axustarase ó procedemento establecido no artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local, e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

Lugo, 1 de xuño de 2011.-O ALCALDE EN FUNCIÓNS, José Clemente López Orozco

R. 2838

A PONTENOVA

Anuncio

Formulada e rendida a conta xeral dos orzamentos deste concello, correspondente ao exercicio de 2010, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión extraordinaria celebrada en data 30 de maio de 2011, expónse ó público cos documentos que a xustifican na secretaría xeral desta corporación, por espazo de quince días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do presente edicto no BOP, co obxecto de que polos interesados lexítimos poida ser examinada e formular por escrito as reclamacións, os reparos ou observacións que se estimen oportunos durante o devandito prazo e oito días mais, todo de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.-

A Pontenova, 31 de maio de 2011.-O alcalde, Darío Campos Conde

R. 2839

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 2 DE MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

En el expediente de Jurisdicción voluntaria seguido en este Juzgado de Primera Instancia al número 0000265 /2011 sobre expediente de dominio, promovido por ANTONIO TERRERO PEDROSA, para hacer constar en el registro de la propiedad la mayor cabida de la finca Casa Palacio de San Martín de Bóveda, se ha dictado la siguiente:

PROVIDENCIA:

En MONFORTE DE LEMOS, a veinticuatro de Mayo de dos mil once

Recibido el precedente escrito, documentos que se acompañan, poder y copias, del/de la Procurador D/Dña Mariano Rodríguez Cedrón, incóese el expediente de dominio, en el que se le tendrá por personado en nombre y